



## **TEMA 2. QUE É CREATIVE COMMONS?**

### ***O dominio público.***

Antes de falar de licenza **CREATIVE COMMONS** temos que coñecer dous conceptos como son o **DOMINIO PÚBLICO** e as licenzas GNU

Por dominio público enténdese a situación en que quedan as obras ao expirar o prazo de protección dos dereitos patrimoniais. Isto sucede habitualmente transcorrido un tempo a partir da morte do autor e que, dependendo dos países, vai de 50 a 100 anos.

O **dominio público** implica que as obras poden ser explotadas sempre que se respecten os dereitos morais.

Por todo iso, a primeira pregunta que temos que facernos cando imos facer uso dunha obra é a de se esta atópase en dominio público. Non habemos de esquecer que o **dominio público** recae unicamente sobre os dereitos económicos (por exemplo o de reprodución ou comunicación pública), pero existen unha serie de dereitos de tipo moral, que posúen unicamente os autores e os seus herdeiros, e en moitos casos de carácter perpetuo, que impiden atentar contra a paternidade da obra (por exemplo omitíndoa) ou sobre a súa integridade. De aí a importancia de citar os autores aínda que a obra estea en dominio público.

Aínda que, como dixemos, a maior parte das lexislacións se decantan por un prazo de 50 ou 70 anos dende a morte do autor, non obstante, en determinados **tipos** de obras, como as colectivas cuxos dereitos lle corresponden directamente a unha persoa xurídica, se adoita tomar como data de inicio a de divulgación lícita ou publicación da obra.

No caso de coautoría ou de obra en colaboración o cómputo dos prazos efectúase dende o falecemento do último dos coautores.

No caso de obras anónimas tense en conta a data de divulgación lícita, aínda que se con posterioridade se coñece quen foi o autor compútanse os prazos dende o seu falecemento.

No Estado Español o prazo establecido é de 70 despois da morte do autor.

En Galicia temos que ter moi en conta este aspecto denominado “Dominio Público” xa que unha gran parte da música coa que se pode traballar ten este carácter xa que é tradicional. Aínda que debemos ter en conta tamén que as veces atopamos melodías moi populares.

Un bo exemplo é a recoñecida “Muiñeira de Chantada” que maila ser tocada en todas as festas galegas e gravada por incontables bandas, grupos, cuartetos, etc non é de dominio público xa que o seu compositor, Avelino Cachafeiro, faleceu en 1972.

Escoita a versión orixinal gravada polos Gaiteiros de Soutelo, con Avelino Cachafeiro:

[https://youtu.be/IUxd\\_oimyZM](https://youtu.be/IUxd_oimyZM)

E velaquí a versión gravada por Carlos Nuñez:

<https://youtu.be/NZGIddScuKs>

### ***GNU Free Documentation License (GFDL)***

Esta licenza dá ao usuario o dereito de copiar e redistribuír un determinado traballo pero esixe que todas as copias e derivados queden dispoñibles baixo a mesma licenza. As copias mesmo poden ser comercializadas, aínda que se isto acontece en grandes cantidades (máis de 100) a documentación orixinal haberá de estar dispoñible para o usuario final.

## Creative Commons

**Creative Commons** é unha organización sen ánimo de lucro que utiliza novas tecnoloxías para simplificar as barreiras coas que frecuentemente se atopan os creadores e consumidores de contido á hora de compartir as súas obras.

A idea fundamental detrás das licenzas Creative Commons é formular explicitamente os dereitos que ten a persoa que accede a un recurso se quere volver publicalo ou combinalo con outros contidos.

Como verás a continuación, non hai unha única licenza, senón que pódense obter diferentes combinacións, máis ou menos restritivas, mesturando os diferentes niveis de autorización.

### ***Tipos de licenza Creative Commons***

Podemos distinguir as licenzas Creative Commos segundo uns sinxelos pictogramas



#### **Recoñecemento (Attribution - BY):**

En calquera explotación da obra fará falta recoñecer a **autoría**. O autor, ao marcar este requisito está a permitir que outros copien, distribúan e mostren a súa obra (así como obras derivadas desta) pero haberán de citar a súa **autoría**.



#### **Non Comercial (Non commercial - NC):**

A explotación da obra queda limitada a usos non comerciais. Estase a permitir que outros copien, distribúan e mostren a obra (así como obras derivadas desta) sempre que non o fagan con intencións comerciais.



#### **Sen obras derivadas (No Derivate Works - ND):**

A autorización para explotar a obra non inclúe a transformación para crear unha obra derivada. Con esta licenza permítese que outros copien, distribúan e mostren a súa obra tal e como a crearon; é dicir, sen ningunha modificación

### **Compartir Igual (Share alike - SA):**



A autorización permite a creación de obras derivadas sempre que manteñan a mesma licenza ao ser divulgadas. O autor está a permitir que outros distribúan traballos derivados da súa obra sempre que o fagan baixo unha licenza igual á do seu traballo orixinal.

P

or exemplo, se unha obra é Recoñecemento-Non Comercial-Compartir igual, e alguén a distribúe, esta persoa haberá de facelo coa mesma licenza.

T

extos e imaxes adaptados de: <http://es.creativecommons.org/>